



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enfermería materno-infantil

Materia	Enfermería materno-infantil			
Código	O51G140V01302			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Raquel			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Raquel			
Correo-e	raquel.perez.rodriguez@sergas.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia abordarase todo o proceso vital da muller así como a idade pediátrica, profundizando nos coidados de enfermería necesarios nestas dúas etapas da vida, en relación a: medidas preventivas, educación para a saúde, etc, tendo como base fundamental o proceso enfermeiro como garante para unha actuación profesional enfermeira de calidade.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados aos coidados de enfermería.
A34	Identificar as características das mulleres nas diferentes etapas do ciclo reprodutivo e no climaterio e nas alteracións que se poden presentar proporcionando os coidados necesarios en cada etapa.
A35	Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e prever complicacións.
A36	Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.
A37	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermería e as complicacións que poden presentarse.
A38	Aplicar as técnicas que integran o coidado de enfermería, establecendo unha relación terapéutica cos nenos e os seus coidadores.
A39	Seleccionar as intervencións dirixidas ao neno san e ao enfermo, así como as derivadas dos métodos de diagnóstico e tratamento.
A40	Ser capaz de proporcionar educación para a saúde aos pais ou coidadores primarios.
B1	

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados aos coidados de enfermería.	A2
Identificar as características das mulleres nas diferentes etapas do ciclo reprodutivo e no climaterio e nas alteracións que se poden presentar proporcionando os coidados necesarios en cada etapa.	A34
Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e prever complicacións.	A35
Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.	A36
Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermería e as complicacións que poden presentarse.	A37
Aplicar as técnicas que integran o coidado de enfermería, establecendo unha relación terapéutica cos nenos e os seus coidadores.	A38

Seleccionar as intervencións dirixidas ao neno san e ao enfermo, así como as derivadas dos métodos de diagnóstico e tratamento.	A39
Ser capaz de proporcionar educación para a saúde aos pais ou cuidadores primarios.	A40
Capacidade para traballar en equipa.	B1

Contidos	
Tema	
Tema 1: Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor feminino e masculino.	Recordo anatomo-fisiolóxico do aparello reprodutor feminino e masculino.
Tema 2: Sexualidade humana.	Sexo e sexualidade. Resposta sexual humana. Sexualidade en cada etapa evolutiva.
Tema 3: Planificación familiar.	Métodos anticonceptivos.
Tema 4: Infeccións de transmisión sexual (ITS).	Identificación e cuidados de enfermería. Medidas preventivas.
Tema 5: Fecundación e desenvolvemento fetal.	Desde a gametoxénese até o nacemento. Cariotipo. Periodo embrionario e fetal.
Tema 6: Xestación. Normal e patolóxica.	Consulta prenatal. Educación maternal. Xestación de alto risco. Enfermidades, fármacos e xestación.
Tema 7: Parto normal, de urxencia. Puerperio.	Clasificación dos tipos de parto. Traballo de parto. Opcións para o parto. Cuidados no puerperio.
Tema 8: Cuidados inmediatos de enfermería ao recém nacido (RN).	Condicións físicas da sala de partos. Rexistros e documentación do RN. Cuidados inmediatos ao RN na unidade de despertar post-parto.
Tema 9: Etapa do climaterio na muller. Menopausa.	Fases do climaterio. Tipos de menopausa. Clínica durante o climaterio. Medidas preventivas e de EpS.
Tema 10: Alteracións da saúde a nivel xinecolóxico.	Alteracións da saúde de tipo anatomo-fisiolóxico na muller. Alteracións do ciclo menstrual. Patoloxía tumoral.
TEMA 11: Recén nacido san.	Características físicas e funcionais. Exploración física. Cuidados de enfermería.
Tema 12: Recén nacido patolóxico.	Características físicas e funcionais. Alteracións e complicacións da saúde. Cuidados de enfermería.
Tema 13: Alimentación e nutrición, no RN até a adolescencia.	Lactancia materna. Lactancia artificial. Diversificación alimentaria.
Tema 14: Vacinación na infancia e na adolescencia.	Vacinación na idade pediátrica. Calendario galego de vacinación infantil.
Tema 15: Cuidados de enfermería ao neno e a familia durante a hospitalización.	Hospitalización na idade pediátrica. Programa de atención integral ao paciente pediátrico hospitalizado.
Tema 16: Técnicas, procedementos e cuidados de enfermería máis frecuentes en pediatría.	Toma de constantes. Obtención de mostras. Cateterización venosa: central e periférica. Administración de medicamentos. Probos diagnósticos e terapéuticos máis frecuentes na idade pediátrica.
Tema 17: Alteracións da saúde máis frecuentes en pediatría.	Respiratorio. Metabólico. Neurolóxico. Dixestivo. Xenito-urinario. Cardiovascular.
Tema 18: Cuidados de enfermería pediátricos en situacións especiais.	Alerxias. Queimaduras. Convulsións. Hiper e hipoglicemia.
Tema 19: Maltrato infantil.	Clasificación do maltrato infantil. Detección precoz e actuación inmediata. Medidas preventivas, educación sanitaria.

Tema 20: Prevención e actuación de enfermaría en situacións de urxencia/emergencia na idade pediátrica. OVACE, PCR, RCP, pediátrica. Apnea obstructiva do sono. Intoxicacións. Traumatismos. Medidas preventivas, educación sanitaria.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	84.5	84.5	169
Titoría en grupo	2	0	2
Seminarios	24	12	36
Probas de tipo test	2	16	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado, dos contidos da materia obxecto de estudo.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén coa profesora, para o asesoramento/desenvolvemento de actividades e contidos da materia, no proceso de aprendizaxe.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre cada tema específico: presentación e manexo do material correspondente, práctica de técnicas e procedementos relacionados en cada caso, etc que permiten afondar e/ou complementar os contidos da parte teórica da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado, para o asesoramento sobre os contidos, actividades e procedementos utilizados no proceso de aprendizaxe da materia.
------------------	---

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	<p>A avaliación desta parte de seminarios será continua, farase ao longo de todo o cuadrimestre no que se imparte a materia, mediante a observación das habilidades e destrezas mostradas pola/o alumna/o, durante a realización das prácticas nos seminarios así como a súa participación nos temas expostos na aula.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>Esta avaliación suporá o 30% da puntuación total da materia.</p> <p>A asistencia aos seminarios é obrigatoria, cando menos no 90% do total das horas asignadas, no caso contrario a/o alumna/o, pasará a ser avaliado según os criterios establecidos para a "modalidade non presencial".</p> <p>Será preciso superar esta parte de seminarios, para poder superar a materia.</p> <p>O alumnado deberá realizar un traballo individual/en grupo, en materia de "violencia de xénero", según os criterios que se indicarán oportunamente. Dito traballo será exposto e defendido na aula, nas datas a determinar. Avaliarase individualmente a cada alumna/o participante do grupo de traballo.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>Este apartado da avaliación, suporá un 10% da puntuación global da parte de seminarios.</p>	40
Probas de tipo test	<p>Constará dunha proba obxectiva, de 60 preguntas tipo test, con 4 opcións de resposta, sendo só unha delas a correcta.</p> <p>A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E), acertos (A) menos erros (E)</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado, será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>Dita proba, realizarase na aula e data marcada no calendario académico.</p> <p>Esta proba supón o 60% da puntuación total da materia.</p> <p>Será preciso superar esta proba tipo test, para poder superar a materia.</p>	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade non presencial (seminarios)

A esta modalidade, poderase acoller o alumnado que con causa debidamente xustificada, non lle sexa posible asistir ao 90% do total de horas asignadas para os seminarios, para o cal deberán ao inicio do cuadrimestre en que se imparta a materia, comunicar a profesora responsable da mesma, mediante solicitude por escrito, do paso a "modalidade non presencial", indicando cal é a causa que debidamente xustificada, impide a súa asistencia aos mesmos. No caso daquelas/es alumnas/os que por diferentes motivos, e sempre xustificadas, aínda asistindo a algún seminario, non cheguen a acadar a asistencia

establecida do 90%, pasarán igualmente a esta "modalidade non presencial".

A avaliación da modalidade non presencial

A/o alumna/o, deberá realizar unha proba práctica en aula, en relación aos contidos impartidos durante os seminarios da materia. Dita proba realizarase na aula e data marcada no calendario académico, para a 1ª edición. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 30% da puntuación total correspondente aos seminarios.

A/o alumna/o deberá realizar un traballo individual/en grupo, en materia de "violencia de xénero", según os criterios que se indicarán oportunamente. Dito traballo será exposto e defendido na aula, nas datas a determinar. Avaliarase individualmente a cada alumna/o participante no grupo de traballo. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Esta avaliación suporá o 10% da puntuación total correspondente aos seminarios.

Será preciso superar estas dúas probas de avaliación para poder superar a parte de seminarios, o cal será necesario para superar a materia.

2ª edición

A/o alumna/o deberá, no caso de non ter superada a avaliación continua (modo presencial) ou o proba práctica (modo non presencial), realizar un exame práctico, en relación aos contidos impartidos da materia, a realizar na aula e data marcada no calendario académico, para a 2ª edición. No caso de non ter superado ou realizado o traballo indicado, deberá realizalo seguindo os criterios establecidos para o mesmo. No caso de non ter superada a proba tipo test, a/o alumna/o, deberá novamente realizar un exame tipo test (con os mesmos criterios establecidos para a 1ª edición) na aula e data marcada no calendario académico, para a 2ª edición.

Será preciso ter superadas tanto as partes de seminarios como a proba tipo test, para poder superar a materia.

Outros comentarios

- As datas oficiais de exame marcadas para esta materia, nas dúas edicións correspondentes, poderanse consultar na páxina web así como no taboleiro de anuncios do centro.
- Utilizarase a plataforma Faitic, da Universidade de Vigo, para manter comunicación académica-docente, co alumnado (temario, anuncios, cualificacións, etc) para o cal será necesario, que ao inicio do cuadrimestre, o alumnado revise individualmente, si está correctamente dado de alta na plataforma, para así poder utilizar este servizo.

Bibliografía. Fontes de información

Perry, Cashion, Lowdermilk, **Maternidad y salud de la mujer**, 9ª,

Smith, R.P., **Obstetricia, ginecología y salud de la mujer**,

Towle, M.A., **Asistencia de enfermería materno-neonatal**,

Torrens, Mtnez, **Enfermería de la mujer**, Colección enfermería siglo 21,

Ruiz, Mtnez, Glez, **Enfermería del niño y adolescente**, Colección enfermería siglo 21,

Dickason, Silverman, Kaplan, **Enfermería materno infantil**, 3ª,

Aguiar, M.J., **Tratado de enfermería infantil: cuidados pediátricos**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas III/O51G140V01306

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/O51G140V01301

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/O51G140V01101

Enfermaría comunitaria I/O51G140V01104

Fisioloxía: Fisioloxía/O51G140V01105

Fundamentos de enfermaría/O51G140V01107

Enfermaría clínica I/O51G140V01204

Enfermaría clínica II/O51G140V01205

Enfermaría comunitaria II/O51G140V01206

Ética e lexislación/O51G140V01202

Farmacoloxía e dietética/O51G140V01203

Introdución á enfermaría clínica/O51G140V01201